



## XIII MOSTRA DE ARTESANS DE INSTRUMENTOS

**SÁBADO, día 5**


Ás 18,00 horas Pregón de Mini e Mero  
Ás 18,30 horas REGUEIFAS de Luís Caruncho e  
Benito Lobariñas  
Actuacións de grupos  
espontáneos no palco da mostra

**DOMINGO, día 6**

Ás 12,00 horas Seminario de danza tradicional.  
Ás 18,00 horas Seminario de xoguetes sonoros.  
Concerto de Os Campantes da  
Baña

### OS PREGOEIROS

#### MINI E MERO: ARTESANS DA PALABRA E DA MÚSICA




Acollo con ledicia o encargo de presentar aos pregoeiros da XIII Mostra de Artesáns de Instrumentos. Agradezo a oportunidade de falar dos vellos e permanentes amigos, compañeiros dalgunhas loitas perdidas e de moitas gañadas!, neste embrollado eido da música galega. Sobre todo pola longa tempada de utopías, ilusións e esperanzas ao longo de corenta anos de sementeira que frutificaron en fermosas e abondosas colleitas e seguen a dar azos e carraxe para manter viva a esperanza dun novo futuro mellor para a nosa Terra.

Mini/Mero ( nomes curtos, sonoros e doados de reter) son os agarimosos "alias" de dous coñecidos profesores de E.X.B. de Galiza: D. Xosé Lois Rivas Cruz e D. Baldomero Iglesias Dobarrio, mestres de profesión e músicos/poetas de vocación. Ollalos, hoxe en día, coas súas ben poboadas barbas douradas, curtidas nunha dura e constante loita (aínda inacabada) a prol da recolleita, recompilación e espallamento da música tradicional galega, semellan aquelas senlleiras figuras dos profetas do Vello Testamento (Oseas, Xonás, Amós) cheos de amor e fidelidade ao pobo e á Terra coa teima de lles devolver aos seus irmáns/ás o que por dereito lles corresponde. Mesmo en recuperar a "auto/estima perdida" por mor de tantos séculos de esquecemento e de desprezo. Para recuperar e equilibrar era preciso denunciar hipocrisías e inxustizas, arrincar petoutos e terróns para abrir novos camiños de esperanza e de futuro. Hai quen opina que tamén lles cadraba ben representalos coma os novos quixotes do século XXI, algo tolos, soñadores e mensaxeiros incansables percorrendo os ermos campos galegos, desfacendo tolemias e liortas e construíndo carreiros de liberdade e cordura. Seguen activos nas súas aproveitadas carreiras. Están na resistencia. Son chairegos. Por méritos propios. De nacemento e de honra. Exercen, a cotío, de embaixadores da súa amada Terra Chá

#### ***Un anaco de historia: Con Mero e Mini dentro.***

Coido que para a maioría dos galegos e galegas da súa/nosa xeración, Mero e Mini non precisan presentación. Son moitas asociacións culturais, (incluída XERMOLOS e este mundo da entorna de Pardiñas) que saben "*quen son, onde estiveron e onde están*" estes aventureiros e afortunados personaxes. Corenta anos de traballo a prol da cultura e da música popular deixan pegada. Para os/as que non os coñezan e sobre todo pensando nas novas xeracións do País, velaí algunhas das facianas máis sobresaíntes da súa vida/obra que falan nos feitos e que encheron de ledicia e esperanza os últimos 30 anos do pasado século e os que levamos do XXI.





## XIII MOSTRA DE ARTESANS DE INSTRUMENTOS

Son dos poucos que "resisten" e manteñen aceso o facho da ilusión dos seus 16/18 anos daquela movida (pequena revolución e/ou filosofía!?) do inesquecibel maio francés do 68, no que todo se presentaba como posible e mesmo real. Tamén dos poucos que seguen na primeira liña, sen se ofertar no mercado e fieis ao seu pensar e aos seus principios. Quizabes, debido a iso, aínda amosan moita forza e mesmo carraxe. Hai moita vida...e eficacia!

Naceron á vida musical pouco despois da efémera vida da Nova Canción Galega, con Voces Ceibes de protagonistas. A fonte e inspiración dos nosos pregoeiros ía ser radicalmente distinta, rompedora e impensable daquela, cando se ollaba, con envexa, as correntes musicais que chegaban desde o Mundo do Celtismo, de Catalunya, do País Vasco e Valenciá, e dos músico/poetas suramericanos. Tempos de Lluís Llac, Joan M. Serrat, Raimond, Paco Ibáñez, Labordeta, Alam Stível, Bob Dylan, Nacha Guevara, Víctor Jara, Cafrune, Facundo Cabral e outros. Tamén Mini/Mero pasaron "sen parar demasiado". Por pouco tempo, xa que lles esperaba algo máis importante: Descubrir a alma/espírito da canción galega que ía encher a súa vida/obra e lles chegaba (de regalo) desde moi cerca, desde a propia casa, desde o rural, de onde procedían eles tamén e onde estaba agochada a riqueza da nosa música popular. Aínda hoxe está sen explicar o por qué aquel esquecido e desprezado mundo (co seu idioma e canción vivos) foi quen de entrar e de se introducir no outro máis selectivo (o universitario) e no incipiente obreiro urbano, construído tamén desde o rural. Así foi, e non á inversa, como o intentaran xa, sen éxito, desde outras plataformas máis elevadas, aqueles tamén utópicos e valentes rapaces da Nova Canción Galega.

Estamos a falar da década dourada dos anos 70/80. Os da sorprendente chegada e estoupido de "*Fuxan os Ventos*". Os anos do cambio en todos os sectores da sociedade (no político, no social, no educativo e mesmo no relixioso) e os do comezo tamén da esperada e necesaria transición. O fenómeno deuse, de xeito directo, a escala España e sobre todo Galiza.

### ***Algúns detalles e datos significativos***


Mero e Mini estaban alí. Xusto no momento oportuno. Como a maioría de nós, sen se decatarse da importancia que ían ter aquelas datas, as máis esperanzadoras do século XX. Creo que o seu éxito estivo en que no canto de se pór a laiar ou falar ao vento, Mero/Mini (e outros máis) puxéronse a traballar e a aproveitar as raiolas de sol e de luz que brillaban por todas partes. Velaí algunhas, nas que se mergullaron, a fondo, perante "toda unha vida!"

**1968/72:** Fito importante: O encontro coas rapazas (tamén do rural e con gañas de traballar) do Colexio Menor do Bispado, ás que se uniron para colaborar no Coro e Grupos de Teatro e de Baile. Dese espontáneo traballo/fusión xurdiron: Os concursos de *Panxoliñas*, *Festas da Primavera*, *Concertos do Folclore Universal/Galego* con actuacións nos Colexios de Lugo e en Programas na Radio ("Aquí la Juventud"). Máis dunha ducia destas rapazas do Colexio formarían parte no nacemento e vida de "*Fuxan os ventos*". **Alí estaban xa Mini e Mero.**

**1972:** No verán dese ano, Mini/Mero (con outros/as residentes en Lugo/cidade) acordan presentarse ao "*III Cancioneiro de Música Folk*" de As San Lucas ( Mondoñedo) ao que había que levar unha canción inédita e un grupo para interpretala. Da canción encargouse X. Mato ("*Fuxan os ventos*") e o grupo improvisa o nome "Folk 72". Levan o 1ª premio, (que comparten con Auxilia, ao 50% ) e mudan de nome. **Alí tamén estaban Mero e Mini.**

Nese mesmo ano, nace "*Auxilia*" (asociación de promoción cultural/social de diminuídos físicos) a escala Galicia/Portugal. Nese labor e nas *Campañas de mentalización e Colonias de verán*, embárcanse a maioría dos compoñentes de "*Fuxan os Ventos*". Foron a alma dos





## XIII MOSTRA DE ARTESANS DE INSTRUMENTOS

festivais "Operación Sol" (1973/1980) participando sempre e axudando a traer outros grupos e solistas da época. (Entre eles: *Suso Vaamonde*-de grata lembranza-, *María Manuela* (co Miguel e fillo), *Rodrigo Romaní* (máis tarde en Milladoiro) *A Familia* (Santiago), *Xoán Rubia* (con Sphaira), *Tangaraño* (Lugo), *Saraibas*, etc. Con eles grupos de baile e teatro e os magos Xosé Manuel Carballo e Antón (con Facundo). **Alí seguían constantes Mini e Mero.**

**1973/76:** Seguen a traballar e optan pola canción galega (popular e de autor). Con atrancos, necesarios para a madurez e as medras de todo grupo humano. Nesa etapa comezan as axudas dos amigos e simpatizantes, os seus colaboradores: "O Carro", de Antón Campelo, os poetas Manuel María, Xoán Darío, Marica Campo, Fiz Vergara Vilariño, os da diáspora Neira Vilas e Celso Emilio e as creacións do Grupo.

Un número importante de cregos e mestres/as do rural aos que se unen estudantes e mesmo labregos/as súmase aos proxectos do grupo e axudan a buscar contacto coas persoas maiores que son as grandes depositarios da despensa musical galega. O grupo recorre pobos e aldeas e actúa en tele clubs, escolas, igrexas, palleiras...Van a todas partes. Onde faga falla. Case sempre gratis. Recollen cancións e polo Nadal presentan aquel remexido costumista/musical do xeito de vivir as Festas do Nadal os nosos antepasados chamado "Galicia canta ao Neno" do que se fixeron 100 actuacións (do 1973 ao 79) por Galiza. Neses anos de forte actividade, acadan varios recoñecementos: A "Vieira de Ouro" (1973, en Pontedeume) e "Primeiras Figuras" (O Ferrol. 1974, con Mocedades) e outros. Continuaba a forza e a presenza de Mero e Mini.

**1976/82:** Anos da expansión. Gravan "Fuxan os Ventos" (1976), "O Tequeletéquele" (1977), "Sementeira" e "Galicia canta ao Neno" (1979), "Chegaremos" (1980) e "Quen a soubera cantar" (1981) Curiosas condicións do Grupo (gravar eles mesmos, sinxela instrumentación e riqueza de voces) e impensable concesión da multinacional. Neses anos percorren Galicia enteira, varias cidades de España (Barcelona, Madrid, Bilbao, San Sebastián, etc.) e de fóra (Lisboa, París, Bruxelas, Zürich...) Participan nos Festivais do Mundo Celta de L'Orient, Brés, Moaña, Ortigueira, Guitiriz...e outros. Como rochas, ben plantadas, seguen Mini e Mero.


Colaboran con *Encrucillada e Irimia* (desde o 1975). Alternando con *Saraibas*, desde o 1977 na Romaxes de Crentes cristiáns galegos/as, nas que seguen con "A Quenlla". Participan no nacemento de "Saraibas" e de "Cantareliña" (concurso de música para nenos/as) en San Sadurniño. Foron co/fundadores da XOGE (Xuntanzas Organizacións Galegas en Europa)

No 1979, despois do éxito da Campaña de Difusión da Cultura Galega por 31 Concellos da Montaña luguesa, coa fin de ampliar a experiencia ao resto de Galicia e aos Centros Galegos de España, Europa e América, crean a "A Cultural Fuxan os Ventos" que dura só dous anos, por mor da rachadura do Grupo orixinario. **Tamén alí estaban empurrando Mero e Mini.**

### A Quenlla

Despois da desaparición do vello "Fuxan os Ventos" (febreiro 1982), coa unidade rota e a piques de se perder tamén a filosofía orixinaria xermola a renovada vida, coa creación de "A Quenlla" (1984). Volver ás actuacións en directo e segue o traballo (nunca interrompido) da recolla e comeza a publicación de parte do arquivo. Gravan os vídeos: "A Historia da Lingua Galega" (en romance), con letra de Manuel María; "70 anos de nacionalismo", "Os señores da Palabra" e "Luis Pimentel" (Ophiusa-Lugo). Ao mesmo tempo "Manuel María da Terra Chá" e a vida/obra de "Fiz Vergara Vilariño" (Citania). No mesmo ano do retorno sae o LP: "Os tempos aínda non, non son chegados" (1984); "Európolis" (1988, sobre o Mercado Común), "Máis aló





## XIII MOSTRA DE ARTESANS DE INSTRUMENTOS



*da néboa"* (poemas de Pimentel, Luis Seoane e Lorenzo Varela); *"Terra"* (1992); *"Nadal en galego: Galicia canta ao Neno"* (1994), con novos cantos de Reis; *"A Casa que nunca tivemos"* (1996), musical galego con letra de Marica Campo; *"As nosas cancións"* (1997/98), dous CDs de recompilacións; *"Namórate da vida"* (temas contra a droga, Proxecto Home); *"Silencios na memoria"* (2004) sobre a memoria histórica; e *"Chill Out Celta en Galicia"* (textos de Mero e artistas de A Quenlla, Irlanda, Escocia, Gales e Bretaña). En preparación, a montaxe músico/teatral de *"Irmandiños"* do lembrado Manuel María. As súas

Publicacións en libros arrincan con dous volumes de *"A carón da escola"* (I e II) da Xunta de Galicia para nenos dos Colexios (*"Cantos de Reis e do Nadal"*); *"Contos de vellos para nenos"*; *"Novos contos para Cego"* (V.I-II), acompañados de 5 CDs, coas voces dos informantes e a grafía musical. A este labor cómpre engadir os centos de charlas, conferencias, mesas redondas, debates, reportaxes, artigos e comentarios nos medios de Comunicación, Universidade, Institutos, Colexios, Asociacións culturais e o apoio decidido e gratuíto a dúcias de asociacións socio/culturais e a todo grupo e/ou persoa que precise da súa colaboración. Algo que soa a raro e descoñecido, neste deshumanizado, materializado, egoísta e consumista mundo actual. Con máis experiencia e madurez seguen Mero e Mini.

### **Fidelidade e coherencia**

O traballo (en esquema) está á vista. Inconmensurábel!. Entregáronse sen medida e sen taxa. A fondo perdido! Ante a realidade evidente *"sobran as palabras cando falan os feitos"*. Por iso os remito ao dito bíblico *"polas obras os recoñeceredes"*. Abondan. Eles non o van dicir no seu pregón. Seguro que van falar doutros e das súas inxedanzas e desexos para ben da Terra. Por iso alonguei máis do debido a presentación para que se saiba e quede constancia. Dou fe de que é certo e que só se subliñaron algúns detalles dentro da súa monumental obra. Foi moito máis do que se dixo. Porque con este labor ao través de tantos anos, vividos con intensidade, hai toneladas de dedicación, de entrega, de constancia, de horas de traballo e de sacrificio, de moitas noites sen durmir...Hai, sobre todo, certificados, asinados e selados (ios discos e os libros!), testemuños evidentes da súa loita continuada, compartida e confiada, a prol dos grandes valores da xustiza, da verdade, da esperanza, da liberdade, do amor...Do amor aos vellos, aos nenos, aos xoves, aos labregos e mariñeiros, aos obreiros do mar e da terra, aos marxinados, á muller galega, (sometida, marxinada e maltratada, sobre todo no rural), ás viúvas de vivos, aos emigrantes de antes e de agora...aos de todos os tempos. Toneladas de amor á Terra, a súa Casa nai que é Galiza. Tampouco se lles pegou a lingua ó padal á hora de berrar contra as inxustizas, opresións, caciquismos, contaminacións e lixos, abuso dos pequenos e os pobres, xogos sucios da política...Outro xeito de amar. A súa música e poesía están a reverter de mensaxes positivas de vida e de esperanza.

Aí queda a proba definitiva destes valentes e coherentes pregoeiros deste ano. Poucas persoas poden presentar semellante balance de obras e tamén de resistencia ante tantas reviravoltas que dou o Mundo, aguantou a sufrida Galiza e levou a nosa música galega nestes corenta anos nos que foron protagonistas os pregoeiros deste ano. Sei, de boa fonte que Mini/Mero-Mero/Mini (tanto monta, monta tanto) dan por ben empregado os seus esforzos e



## **XIII MOSTRA DE ARTESANS DE INSTRUMENTOS**

loitas (que aguantaron con alegría e humor galego) e que, incluso, se consideran "*afortunados e felices*" por ter dado respostas positivas e axeitadas á chamada de Galiza que ten dereito a gozar doutras mil "*primaveras*" máis. Os galegos e as galegas, os bos e as boas, os xenerosos e as xenerosas que abundan neste País, agradecen (agradecemos!) a vosa loita, entrega, fidelidade e coherencia! Fostes e sodes "*Sementadores de esperanza e de futuro*". Grazas!. E desde esta espléndida plataforma de XERMOLOS e da Asociación de Gaiteros Galegos un agarimoso saúdo co desexo de que sigades adiante na vosa loita (que tamén é nosa) e non sexa necesario repetir (ipor terceira vez!) que "*os tempos inda non...non son chegados*".

***Boas Festas e Feiras a todos: Pregoeiros e Festeiros!***

*Xesús Mato, amigo desde a fundación da ASOCIACION DE GAITEIROS GALEGOS e  
XERMOLOS e dos seus PROXECTOS*